

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o

CENTRO: CEIP OZA DOS RÍOS

CURSO: 5ºA

MATERIA: CIENCIAS DA NATUREZA

DEPARTAMENTO: EDUCACIÓN PRIMARIA

DATA: 12/05/2020

desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.
2. Avaliación e cualificación.
3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)
4. Información e publicidade.

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
Obter información relevante sobre feitos ou fenómenos previamente delimitados, facendo predicións sobre sucesos naturais, integrando datos de observación directa e indirecta a partir da consulta de fontes básicas e comunicando os resultados.	Busca, selecciona e organiza información concreta e relevante, en fontes directas ou indirectas, analízala, saca conclusións, comunica a súa experiencia reflexionando acerca do proceso seguido e comunicándoo oralmente e por escrito.
Comunicar de forma oral e escrita os resultados, presentándoos con apoios gráficos.	Utiliza, de xeito adecuado, o vocabulario correspondente a cada un dos bloques de contidos.
Manexar diferentes técnicas de exposición dos resultados para a súa publicación interna.	Utiliza estratexias para realizar traballos de forma individual e en equipo, mostrando habilidades para a resolución pacífica de conflitos. Manifesta autonomía na planificación e na execución de accións e tarefas, tendo iniciativa na toma de decisións. Presenta os traballos de xeito ordenado, clara e limpo, en soporte papel e dixital.
Coñecer a estrutura e a fisioloxía das plantas, e as principais características da fotosíntese.	Coñece e relaciona a estrutura e a fisioloxía das plantas, describindo as principais características da fotosíntese e recoñecendo a súa importancia para a vida no planeta.
Describir e explicar o medio natural.	Define e comprende o concepto de medio natural.
Coñecer as relacións entre os seres vivos. Cadeas alimentarias. Poboacións, comunidades e ecosistemas.	Observa e identifica as principais relacións entre os seres vivos, describindo as principais características das cadeas alimentarias: poboacións, comunidades e ecosistemas.
Coñecer as características e os compoñentes dun ecosistema.	Observa, identifica e describe as características e os compoñentes dun ecosistema. Ecosistemas: pradería, poza, bosque, litoral e cidade.
Coñecer a relación entre o ser humano e a biodiversidade, e identificar as causas da extinción de especies.	Identifica e explica a relación entre o ser humano e a biodiversidade detectando e exemplificando as causas da extinción de especies.
Relacionar determinadas prácticas do ser humano co adecuado respecto e coidado polo medio natural adoptando estilos de vida consecuentes, ser consciente das consecuencias para a vida no planeta das súas actuacións, tanto na escola coma fóra dela.	Establece e explica a relación entre as actuacións do ser humano e a biodiversidade. Propón accións argumentadas para evitar a extinción de especies.
Coñecer como os cambios no medio, tanto os producidos por procesos naturais coma pola actividade humana, poden afectarlles aos seres vivos, aos compoñentes inertes e ao equilibrio na Terra.	Coñece as principais características da biosfera, explicando e identificando diferentes hábitats dos seres vivos. Identifica e describe algunhas das actuacións do home que modifican o medio natural.

Respectar o equilibrio ecolóxico e recoñecer o patrimonio natural.

Manifesta hábitos de respecto e coidado cara aos seres vivos, e identifica as figuras de protección do medio natural.

* Para o alumnado con necesidades educativas especiais flexibilizárase os criterios de avaliación establecidos de xeito individual nas correspondentes adaptacións curriculares significativas.

1. Avaliación e cualificación	
Avaliación	<u>Procedementos</u> : Observación directa e rexistro do traballo diario na aula e nos cadernos, valoración de probas creadas para a avaliación, debates e participacións e observacións dos logros do alumnado.
	<u>Instrumentos</u> : Diarios e caderno, probas escritas de resposta aberta (probas de desenvolvemento), probas obxectivas de resposta cerrada (completar frases, relacionar, ordenar, resposta breve,...), tests e fichas de rexistro dos logros do alumnado.
Cualificación final	<u>Indicar o procedemento para obter a cualificación final de curso</u> : A cualificación final do curso será obtida mediante unha media ponderada das dúas primeiras avaliacións. O traballo desenvolvido na terceira avaliación será valorado, unicamente, como positivo para mellorar a cualificación final.

2. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)	
Actividades	<p>Levaranse a cabo actividades de recuperación, repaso, reforzo e ampliación. Os tipos de actividades son os seguintes:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Tarefas de “Aula Planeta” autocorrexibles. - Actividades de repaso sobre os contidos impartidos nas dúas primeiras avaliacións. - Actividades de resposta breve (completar frases).
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)	<p>Aquel alumnado que dispón de conectividade, fai o seu traballo mediante a plataforma dixital Edixgal. Unha vez realizadas as tarefas, reenvían o traballo ao profesorado para a súa corrección.</p> <p>O alumnado que non conta con conectividade pode imprimir o seu material no Concello correspondente.</p>
Materiais e recursos	<p>O material empregado é o ordenador co que conta o alumnado para traballar na plataforma dixital Edixgal. Os recursos son os que están dispoñibles na dita aplicación ou os extraídos doutras fontes, por parte do profesorado.</p>

3. Información e publicidade

Información alumnado e familias	ao ás	O alumnado é informado a través da plataforma dixital Edixgal. En dita aplicación existe un apartado de “Mensaxes”, no cal hai unha comunicación directa alumnado-profesorado acerca das diversas actividades e tarefas a realizar.
Publicidade		Publicación obrigatoria na páxina web do centro.